



ACTUALIDADE SOBRE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS

NÚMERO 34

DO 16 AO 31 DE OUTUBRO 2008

Contido

Política comunitaria

Aprobación do lanzamento do Programa Internet máis seguro 2009-2013.

Páxina 1

Programas Europeos

Novas convocatorias

Convocatorias vixentes

Páxinas 2-4

Noticias

Institutos líderes da UE lanzan a Alianza europea de investigación en enerxía

A rede GÉANT conecta a Pakistán con 100 millóns de investigadores

Páxina 5-6

Política Comunitaria

Aprobación do lanzamento do Programa Internet máis seguro 2009-2013

<http://europa.eu/rapid/pressReleasesAction.do?reference=IP/08/1571&format=HTML&aged=0&language=EN&guiLanguage=en>

O Parlamento europeo votou, cunha gran maioría, a favor do lanzamento dun novo programa da UE por un internet máis seguro. O programa de cinco anos (2009-2013) proposto en febreiro pola Comisión Europea terá unha dotación presupostaria de 55 millóns de euros para loitar contra os contidos ilícitos en liña e para loitar contra os comportamentos ilícitos e prexudiciais como a manipulación psicolóxica e o acoso electrónico.

O programa 2009-2013 para un internet máis seguro consolida o éxito do programa precedente lanzado en 2005 e estenderase aos servizos de comunicación recentes da web 2.0, como os sitios de socialización.

O novo programa cofinanciará proxectos que pretendan:

- ☛ sensibilizar a nenos, pais e profesores, e axudar aos puntos de contacto que lles aconsellan sobre as maneiras de garantir a súa seguridade en liña
- ☛ poñer puntos de contacto nacionais a disposición do público para que este poida sinalar os contidos ilícitos e os comportamentos prexudiciais, en concreto os documentos pedoporno-

gráficos e as prácticas de manipulación psicolóxica (“grooming”)

- ☛ promover iniciativas de autorregulación neste ámbito e estimular a participación dos nenos na creación dun ámbito en liña máis seguro
- ☛ establecer unha base de coñecementos sobre a utilización das novas tecnoloxías e dos riscos inherentes á súa utilización, facendo cooperar a escala europea aos investigadores activos neste ámbito.

O presuposto de 55 millóns de euros dividirase como segue: 48% para sensibilizar o público, 34% para loitar contra os contidos ilícitos e os comportamentos prexudiciais, 10% para promover un contorno en liña máis seguro e 8% para establecer a base de coñecementos.

Programas europeos

Novas convocatorias

Convocatoria -7 PM - Persoas - 'Noite dos Investigadores 2009'

http://cordis.europa.eu/fp7/dc/index.cfm?fuseaction=UserSite.FP7DetailsCallPage&call_id=157
http://ec.europa.eu/research/researchersineurope/events/researchersnight08/index_en.htm

A Comisión Europea publicou unha convocatoria de propostas para o evento "Noite dos Investigadores 2009". A "Noite dos Investigadores" finánciase a través das accións Marie Curie do Programa Marco, concretamente, a través das chamadas "Accións específicas".

Esta convocatoria está deseñada para organizacións de Estados membros da Unión Europea e países asociados. Os proxectos propostos deberán ter unha duración non superior aos sete meses. O presuposto indicativo ascende a 3 millóns de euros.

Trátase dun evento paneuropeo no que participan organizacións científicas e de investigación de diferentes tipos, entre

elas museos, laboratorios e institucións académicas, e que inclúe grande variedade de actividades entretidas e divertidas que está previsto que se prolonguen ata altas horas da noite. O seu propósito é **dar á sociedade, e en especial á mocidade, a oportunidade de coñecer investigadores nun ambiente festivo e divertido e poñer de relevo as boas razóns que hai para emprender unha carreira científica.** A "Noite dos Investigadores Europeos" celébrase dende 2005.

O prazo para presentar propostas finaliza o **14 de xaneiro de 2009**. A Comisión Europea celebrará en Bruxelas unha xornada informativa acerca da convocatoria o próximo 13 de novembro.



Lanzamento da 2ª Convocatoria de Interreg IVC

<http://www.interreg4c.net/>

Os 27 e 28 de outubro celebrouse o 2º Foro Interrexional de Cooperación da UE en Lille, onde se inaugurou a **segunda convocatoria de propostas do Programa de Cooperación Interrexional INTERREG IVC**.

O **prazo** da convocatoria remata o 30 de xaneiro 2009.

O **obxectivo xeral** consiste en mellorar as políticas rexionais da UE, dotar de maior efectividade as políticas de desenvolvemento rexional e profesionalizar o intercambio de boas prácticas.

Prioridades:

- 👉 **Innovación e economía do coñecemento**
 - 👉 Investigación e desenvolvemento tecnolóxico
 - 👉 Espírito emprendedor e PEME
 - 👉 Sociedade da información
 - 👉 Emprego, capital humano e formación
- 👉 **Medio**
 - 👉 Cambio climático, riscos naturais e riscos tecnolóxicos
 - 👉 Xestión da auga
 - 👉 Prevención e xestión de residuos

- 👉 Biodiversidade e preservación da herdanza natural. Calidade do aire
- 👉 Enerxía e transporte sostible
- 👉 Herdanza cultural e paisaxe

Actividades financiáveis

- 👉 "Actividades piloto"
- 👉 Profesionalización do intercambio de boas prácticas en áreas innovadoras
- 👉 Conferencias e seminarios
- 👉 Visitas de estudo
- 👉 Intercambio de persoal
- 👉 Web sites
- 👉 etc

Candidatos elixibles

- 👉 Autoridades rexionais ou entes que teñan poder de influencia e decisión nas políticas rexionais.
- 👉 O partenariado debe comprender países de toda Europa (na medida do posible), mesturando rexións máis e menos avanzadas, evitando concentrar os recursos unicamente nas zonas transfronteirizas.
- 👉 Importante: unha mesma organización só pode presentarse a 5 proxectos.

A duración máxima dos proxectos será entre 24 e 36 meses, dependendo do tipo de actuación



Convocatorias vixentes

Cooperación entre Clústers rexionais de investigación. 7º PROGRAMA MARCO. Programa Capacidades. Convocatoria FP7-REGIONS-2009-1

http://cordis.europa.eu/fp7/dc/index.cfm?fuseaction=UserSite.FP7DetailsCallPage&call_id=167

Os obxectivos desta convocatoria son:

- ↳ Incrementar a capacidade dos actores rexionais para promover o desenvolvemento baseado na ciencia e a tecnoloxía.
- ↳ Reforzar a capacidade das rexións para inverter en investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- ↳ Apoiar o desenvolvemento de estratexias rexionais de investigación que poidan ser integradas nas estratexias de desenvolvemento económico.

Os proxectos deberán enfocarse á creación de mercados líderes mediante a promoción do uso sostible dos recursos naturais e do ámbito natural e do humanizado. En concreto propóñense 5 mercados líderes baseados na axeitada xestión dos recursos naturais:

1. Enerxías renovables (xestión da auga, do bosque e do chan)
2. Produtos biolóxicos (xestión da auga, dos bosques e do chan)
3. Construción sostible (xestión dos bosques)
4. Tecidos protectores (xestión de auga e xestión de residuos)
5. Reciclaxe (xestión da auga, do chan e de residuos).

Valoraranse enfoques horizontais baseados no desenvolvemento de eco-tecnoloxías, especialmente fundamentadas nas ciencias naturais, a biotecnoloxía e a bioquímica.

Actividades a desenvolver:

1. Análise e integración das axendas investigadoras.

Análise detallado da situación actual dos clusters e das capacidades rexionais relacionadas co tema de investigación seleccionado. Esta análise, que se realizará coa implicación dos actores locais, contemplará as posibilidades de desenvolver sinerxías e oportunidades de aprendizaxe mutua, intercambio de boas prácticas e titorización daquelas rexións menos desenvolvidas.

2. Integración

Definición dun Plan de Acción Conxunto. O Plan de Acción Conxunto definirá a estratexia de parcería para o desenvolvemento económico a través da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico nun sector dado. Este Plan incluirá, entre outras, accións específicas de mobilidade, transferencia de habilidades, uso conxunto de infraestruturas de I+D, mellorar a accesibilidade das PEME á innovación, medidas de titorización e actividades de difusión.

3. Medidas de implementación do Plan de Acción Conxunto.

Estas medidas deberán contemplar actividades de titoría, cooperación internacional, actividades de difusión, de intercambio de expertos ou de busca de proxectos conxuntos. Medidas destinadas a fomentar o asociacionismo empresarial ou de networking de empresas, non serán financiadas. Finalmente, espera que os socios do proxecto tomen parte do Club Europeo de xestores de Clusters e no Observatorio europeo de clusters.

O número de participantes mínimo serán 3 clusters rexionais de investigación, procedentes de 3 Estados membros diferentes. Cada cluster deberá estar formado por polo menos tres tipos de entidades:

- a) Entidades investigadoras - Universidades, organismos de investigación, etc.
- b) Empresas
- c) Autoridades rexionais/locais (governos locais e/ou rexionais, axencias de desenvolvemento rexional, etc.)

A duración dos proxectos será de **36 meses**.

O financiamento poderá acadar o 100% dos custos elixibles, se ben se estima que o financiamento comunitario se situará **entre 1 e 3 millóns de euros**.

A data límite para a presentación de proxectos é o **27 de xaneiro de 2009**.



Convocatorias vixentes

LIFE+ 2008

<http://ec.europa.eu/environment/life/funding/lifeplus.htm>

<http://ec.europa.eu/environment/life/contact/nationalcontact/index.htm>

O 15 de xullo abriuse a convocatoria de propostas para LIFE+ 2008. Os temas que abranguen a presente convocatoria son:

1. **Natureza e biodiversidade** LIFE+: ten como obxectivo principal protexer, conservar, restaurar, supervisar e facilitar o funcionamento dos sistemas naturais, os hábitats naturais e a flora e a fauna silvestres, co fin de deter a perda de biodiversidade, e, en particular, a diversidade de recursos xenéticos, na Unión Europea de aquí a 2010.
2. **Política e gobernanza ambientais** LIFE+: entre os obxectivos principais están os que teñen que ver co cambio climático, a auga, o aire, o chan, o medio urbano, o ruído, o medio e saúde, os recursos naturais e residuos, a silvicultura, a innovación e os enfoques estratéxicos.
3. **Información e comunicación** LIFE+: o seu obxectivo é divulgar información e fomentar a sensibilización en torno aos temas ambientais, incluída a prevención de incendios forestais; avalar as medidas de acompañamento como información, actividades e campañas de comunicación, conferencias e formación, incluída a formación en prevención de incendios forestais.

A porcentaxe de contribución financeira comunitaria ascenderá como máximo ao 50% dos gastos subvencionables en cada un dos tres temas que abrangue a convocatoria. Excepcionalmente, no tema "Proxectos sobre natureza e biodiversidade LIFE+" poderase aplicar unha porcentaxe máxima de cofinanciamento do 75% ás propostas dedicadas a hábitats ou especies prioritarias recollidas nas Directivas sobre aves e hábitats.

As propostas de proxectos presentaranse ás autoridades nacionais competentes antes do **21 de novembro de 2008** e enviaranse ás autoridades nacionais do Estado membro no que estea rexistrado o beneficiario. A continuación, as autoridades nacionais presentarán as propostas á Comisión antes do **5 de xaneiro de 2009**.

O presuposto xeral para a convocatoria LIFE+ 2008 é de **207.500.000 EUR**.

A asignación financeira que lle corresponde ao Estado español é duns **22.228.050 EUR**.



Noticias

Institutos líderes da Unión Europea lanzan a Alianza Europea de Investigación en Enerxía

http://europa.eu/press_room/index_en.htm

O triplo desafío da seguridade enerxética, do cambio climático e da competitividade ao cal se enfrenta a UE na actualidade é tal que requirirá unha mellor coordinación de todos os recursos co fin de **desenvolver as tecnoloxías enerxéticas que permitirán aos cidadáns europeos gozar dunha boa calidade de vida nun futuro con menos carbono.**

Unha actuación individual a nivel nacional conducirá a un fracaso e a un malgasto de recursos. Un traballo conxunto situará a Europa á cabeza dunha nova era enerxética.

En novembro de 2007, a Comisión Europea lanzou o Plan SET, que impulsa considerablemente a investigación en enerxía en Europa. O devandito Plan combinará o potencial de capacidades de investigación

dos principais institutos e universidades europeos co compromiso da industria europea e dos Estados membros.

A AEIE constitúe o pilar comunitario de investigación dentro do Plan SET. A cooperación dos principais institutos e universidades nacionais de investigación fomentarán o cambio desde un modelo actual de colaboración en proxectos individuais cara a unha nova forma de executar programas de forma conxunta. Existen varios campos científicos que teñen un impacto no desenvolvemento das tecnoloxías enerxéticas. A Alianza ten capacidade para cubrir varias disciplinas diferentes, o cal achegará un enfoque multidisciplinario á investigación enerxética.

Así mesmo, o Plan SET inclúe unha serie de novas prioridades relativas a

Iniciativas Industriais Europeas sobre o desenvolvemento de tecnoloxías para as que o traballo a nivel comunitario suporá un valor engadido.

As iniciativas que se están a preparar céntranse nas capturas e almacenamento de carbón, na enerxía solar e eólica, nas redes intelixentes europeas e na fisión sostible.

Diferentes institucións europeas son membros da AEIE. En España, este é o caso do Centro de Investigacións Enerxéticas, Ambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT).

O Plan combinará o potencial de capacidades de investigación dos principais institutos e universidades europeos co compromiso da industria europea e dos Estados membros

Noticias

A rede GÉANT conecta a Paquistán con 100 millóns de investigadores en Europa e Asia

http://ec.europa.eu/information_society/newsroom/cf/

Os científicos e investigadores de Paquistán poden xa conectarse cos seus homólogos en todo o mundo, grazas a un novo enlace de alta velocidade que fixeron posible GÉANT, a rede troncal paneuropea avanzada, e TEIN, o seu equivalente asiático. A Comisión Europea e os Estados membros lanzaron GÉANT no ano 2000 como iniciativa destinada a mellorar a infraestrutura europea de redes de investigación e ensino. A Rede Transeurásica de Información (TEIN, polas súas siglas en inglés), financiada pola UE, e a National Science Foundation (NSF) de Estados Unidos acordaron interconectarse coa Pakistan Education Research Network (PERN). TEIN e GÉANT contan conxuntamente cuns 100 millóns de investigadores usuarios en Europa e Asia, facendo posible unha colaboración científica sen precedentes en terreos tales como o cambio climático, a radioastronomía e a biotecnoloxía.

A través das redes europeas, os científicos paquistanís de sesenta universidades e institutos, conectados mediante a Pakistan Education Research Network (Rede de Educación e Investigación de Paquistán - PERN) poderán traballar con outros científicos de todo o mundo en proxectos de investigación que requiren transferencias rápidas de datos para compartir a información. PERN está unida a GÉANT a través do seu

novo enlace con TEIN, unha rede que se estende por Asia e está financiada pola UE. Así mesmo, conectará os científicos paquistanís cos de Estados Unidos, grazas á iniciativa TransPAC2.

A conexión con TEIN foi cofinanciada por PERN e a National Science Foundation (NSF). Este enlace permite a Paquistán ser o primeiro dunha serie de novos países que se integrarán en TEIN3, a próxima xeración de redes de investigación asiáticas financiadas pola UE. PERN utiliza esta nova conexión de 155 millóns de bits por segundo (Mbps) entre Karachi e o punto de presenza da rede TEIN3 en Singapur, proporcionada por Pakistan Telecommunications Company Limited (PTCL).

A Comisión anunciou recentemente a concesión de financiamento por valor de 12 millóns de euros en beneficio de TEIN3 (Rede Transeurásica de Información), unha rede de grande envergadura que cobre a rexión Asia-Pacífico. A xestión da rede TEIN corre a cargo de DANTE, a organización de redes de investigación.

Antecedentes:

GÉANT é unha rede troncal avanzada paneuropea que conecta as redes nacionais de investigación e ensino en Europa. Cunha lonxitude total superior a 50.000 km, GÉANT dispón dunha co-

bertura xeográfica sen par, un ancho de banda elevado e unha tecnoloxía de rede híbrida innovadora. GÉANT ofrece aos universitarios e investigadores europeos unha conexión de rede privada e de alta velocidade con outros centros de investigación.

A achega actual da Comisión Europea a GÉANT finánciase a través do 6º Programa Marco (2002-2006), e ascende a 93 millóns de euros ao longo de 58 meses. Os custos totais de GÉANT durante este período superan os 200 millóns de euros. O resto cofinancian os países participantes. Os socios do proxecto son as redes nacionais de investigación e ensino, a Asociación transeuropea de Redes de Investigación e Ensino (TERENA) e DANTE, organización sen ánimo de lucro que xestiona e explota a rede GÉANT por conta das redes nacionais de investigación e ensino de Europa.

GÉANT, que se puxo en marcha no ano 2000, converteuse, grazas ás melloras achegadas posteriormente, en líder mundial, contribuíndo grandemente a que Europa resulte un lugar atractivo para investigar. Con anterioridade, este mesmo ano se estableceron enlaces coas infraestruturas rexionais de redes de investigación nacidas nos Balcáns, o Mar Negro e o Mediterráneo, así como en Asia, África do Sul e Latinoamérica.

A Comisión anunciou recentemente a concesión de financiamento por valor de 12 millóns de euros en beneficio de TEIN3, unha rede de grande envergadura que cobre a rexión Asia-Pacífico.

GÉANT é unha rede troncal avanzada paneuropea que conecta as redes nacionais de investigación e ensino en Europa.

Axenda

11-13 de novembro 2008

Congreso europeo “Wireless e Cidades Dixitais”

Lugar: Barcelona
Organiza: CCRE

<http://www.ccre.org>

30 novembro – 2 decembro 2008

Conferencia Ministerial e-Inclusion

Lugar: Viena

http://ec.europa.eu/information_society/events/e-inclusion/2008/index_en.htm

25-27 de novembro 2008

TIC 2008: “I” para o futuro: Invención, Innovación, Impacto
A principal cita europea sobre investigación en TIC

Lugar: Lyon, Francia
Organiza: DX Sociedade da Información

http://ec.europa.eu/information_society/events/ict/2008/index_en.htm

xaneiro 2009

Primeiro Workshop do proxecto DEN4DEK sobre ecosistemas dixitais

Lugar: Zaragoza
Organiza: DEN4DEK

http://www.den4dek.org/Sitio_web/Upcoming_Events.html

Contacto



Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Contacto:
info@fundacioncalidade.org